




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: Sanxenxo. Parroquias: Santo Estevo de Noalla e San Amaro de Arra. Extensión 1,17Km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

O tramo costeiro de Aios presenta un pequeno sector sedimentario, que constitúe a praia de Bascuas, enmarcado por unha fronte cantil con dous planos ben diferenciados. Por unha banda o escarpe basal rochoso de parede abrupta, que se observa tanto nas puntas exteriores como na vertente traseira en contacto coa área sedimentaria, e parte superior aplanada ou de suave pendente que ten a súa prolongación cara ao interior continental. Este modelo tan só se ve modificado lixeiramente polos arroios que degradan a plataforma costeira superior formando pequenas valgadas que regularizan a vertente.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A caracterización litolóxica desta área mostra unha unidade claramente dominada polos materiais metamórficos do Precámbrico-Silúrico correspondentes ao Complexo de Cabo Home – A Lanzada: micaxistos, cuarzosistosos e paragneises, cunha franxa interior de depósitos aluviais cuaternarios que coinciden co val do regato principal.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: temperatura media anual por encima de 15°C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1200mm e 1400mm.

OS SOLOS

Dominio dos chans tipo cambisol eútrico en case toda a unidade. Localmente prodúcense procesos de gleificación en sectores de drenaxe impedida próximos á praia onde tamén se desenvolven areosos.


AS AUGAS

A unidade confórmasse hidroloxicamente por unha pequena conca, ben delimitada, que verte ao mar formando un entrante costeiro entre as praias de Pragueira e Bascuas, nas Augas Costeiras de Portonovo (20153).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa incluída noIBA Contorna mariña das Rías Baixas. Dominio cantil na que aparecen como hábitats máis importantes o 1230, cantís mariños atlánticos e praias de seixos, ademais do 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, na parte alta das praias acaroadas, nas praias de cantos e na parte alta das plataformas rochosas intermareais. Nas praias acaroadas, Bascuas e Pragueira, aparecen os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais someiros. Sobre os cantís aparece unha matogueira seca, por sectores bastante degradado, pero ecoloxicamente interesantes. Trátase dos hábitats 4040, brexeiras secas costeiras atlánticas de Erica vagans e do 4030, brexeiras secas europeas. A nivel continental, un regato costeiro que vai de Aios a Montalbo e desemboca no areal de Bascuas, contén bosquetes de ribeira (91E0), case de maneira continua dende a costa até Aios. Nesta canle tamén aparecen prados hidromorfos (potencialmente hábitats 6420 e 6430).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na franxa costeira predomina a parcela de uso agrícola e esta tendencia vai desaparecendo a medida que nos afastamos do litoral. Arredor da rede viaria principal e a secundaria, desenvóléronse a partir do núcleo existente vivendas destinadas a vivenda principal e segunda residencia. Tamén o uso hostaleiro e as edificacións hostaleiras atópanse mesturadas cas edificacións destinadas a vivenda.

MORFOLOXÍA

Trátase no seu maioría de vivendas unifamiliares que orixinalmente constituían o núcleo tradicional de Aios, e que na actualidade creceu considerablemente polo interese turístico da zona con vivendas destinadas para segunda residencia próximas á franxa costeira. O núcleo de Aios desenvolveuse nas marxes da rede secundaria que transcorre perpendicular á estrada principal, e vaise elevando conforme nos afastamos do litoral. Dende esta estrada principal cara á franxa costeira existe un mosaico de parcelas característico do minifundismo galego.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O eixo viario principal é a estrada N-550 de Pontevedra ao Grove. Existe tamén a estrada que comunica Aios con Noalla, transcorre transversalmente con respecto á anterior. O nó que forman converte esta unidade nunha zona de tránsito. Dita rede secundaria desemboca na praia de Bascuas, alicerce principal do turismo desta zona. Tamén hai un armazón de pequenas estradas que se vertebran a partir das descritas anteriormente. Existe a posibilidade de realizar itinerarios, paseos dacabalo, rutas de sendeirismo en burro e a pè, aproveitando a rede de camiños que bordean o litoral e a que conforman os camiños tradicionais que relacionan o parcelario existente.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No alto de Aios atópase a Necrópole romana de Pardillo. E moi próxima ao devandito depósito está a capela de San Xoán de Aios. Figuran algúns elementos de patrimonio etnográfico como os cruceiros e hórreos e a Capela de San Xoán de Aios como representación da arquitectura relixiosa da unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

As redes viarias principais son os eixos a partir dos cales se estrutura a paisaxe. A área comprendida entre a franxa costeira e a estrada principal de Pontevedra ao Grove aínda conserva o tradicional uso agrícola con camiños e cultivos propios da zona. Con todo a partir da vertente que se eleva dende a devandita estrada as edificacións de uso turístico e vivendas unifamiliares gañan terreo ao uso agrícola. E a medida que se sobe na dirección da estrada de Aios a Noalla repítese esta tendencia abrigo en edificacións para uso residencial, en gran parte debido ao interese turístico da zona cuxo principal aliciente é a praia nudista de Bascuas.

DINÁMICA DA PAISAXE

A franxa costeira mantén a súa configuración orixinal de mosaico de parcelas destinadas ao cultivo agrícola, aínda que no tramo situado ao sur da unidade apréciase que o abandono do uso agrícola motive a desaparición de parcelas destinadas a tal uso. O primitivo núcleo tradicional de Aios experimentou un crecemento notable como consecuencia do interese turístico que esperta a praia de Bascuas. Tal é así porque a melloría das infraestruturas viarias propiciou os asentamentos nos marxes das devanditas estradas, devanditos asentamentos predominan seguindo a traxectoria da estrada de Aios a Noia, iniciándose este percorrido dende a praia de Bascuas, creándose un asentamento próximo á propia praia. Todo isto está a motivar a desaparición progresiva do carácter tradicional do núcleo por outro de uso turístico.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A franxa litoral está pouco alterada e mantén en gran parte a súa actividade agrícola tradicional. Un bo punto de observación é a punta Montalvo onde se pode contemplar a praia de Bascuas e os seus cantís que lle ofrecen refuxio dotan de singularidade á paisaxe. Dende a praia e cara ao interior o relevo vaixe elevando e pódese obter unha boa visión do conxunto. No alto de Aios atópase a Necrópole romana de Pardillo. Próxima ao devandito depósito está a capela de San Xoán de Aios.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



